



Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se declara vacante unha (1) praza da convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de PERCEBE no permiso de explotación de embarcación ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico Percebe, modalidade a pé e dende a embarcación, da Confraría de Pescadores de Corme

Antecedentes

1. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión para o recurso específico percebe (PE410A 2021/50-1), modalidade a pé e dende embarcación, da confraría de pescadores de Corme (en adiante a entidade) estableceuse un número máximo de 17 embarcacións con 37 tripulantes habilitados con dereito a cota para todo o trienio 2022- 2024 e un máximo de 3 habilitacións por embarcación.

Na actualidade o número de embarcacións con percebe no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é de 16 embarcacións e 32 habilitacións.

2. O 24.01.2024 a Confraría de pescadores de Corme solicitou a cobertura das vacantes *ata o máximo de 17 embarcacións e 37 habilitacións*.

3. O 21.03.2024 esta dirección territorial comunicou a proposta á Confraría de pescadores de Corme para proceder á convocatoria dun proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de percebe a unha (1) embarcación con dúas (2) ou tres (3) cotas de captura para tripulantes habilitados e simultaneamente ofertar as cotas de captura restantes, ata acadar o número máximo de participantes aprobado. Nesta comunicación outorgábaselles un prazo de tres (3) días para que presentasen as observacións que considerasen oportunas e que de non recibir resposta no prazo sinalado entenderíase como positiva a proposta realizada por esta dirección territorial. O mesmo día 21.03.2024 a Confraría manifestou a súa conformidade coa proposta realizada.

4. O 22.03.2024 esta dirección territorial ditou a resolución pola que se convoca o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de Percebe a unha (1) embarcación cun mínimo de dúas (2) e un máximo de tres (3) cotas de captura para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do Plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Corme.

Consideracións legais e técnicas

Dirección Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal





1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.

2. A resolución do 22.03.2024 desta dirección territorial que convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de Percebe a unha (1) embarcación cun mínimo de (2) e un máximo de (3) cotas de captura estableceu un prazo de 15 días hábiles para a presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo non se presentou ningunha embarcación ao proceso selectivo.

3. Esta dirección territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Declarar vacante unha (1) praza para a obtención da modalidade de PERCEBE no permiso de explotación de embarcación e tres (3) cotas de captura no plan de xestión para o recurso específico Percebe, modalidade a pé e dende embarcación, da Confraría de Pescadores de Corme.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da dirección territorial de A Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de Corme.

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Corme, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial

María José Cancelo Baquero

